

A peregrinación a Santiago de Compostela e o poder pontificio nos séculos XII a XV

Xosé M. Sánchez Sánchez¹

O camiño segue e segue
desde a porta.
Agora o camiño foise lonxe,
e debo seguilo, se podo,
percorréndoo con pé lixeiro,
ata que se xunte cun camiño meirande
onde conflúen carreiros e sendas.
¿E a onde irei despois? Non o sei.

(TOLKIEN, J.R.R., *O Señor dos Aneis*, I)

Resumo: Neste artigo analizaremos a peregrinación a Santiago de Compostela ao longo da Idade Media dende unha perspectiva diferente á tradicional, tomando como fonte as comunicacións pontificias a Compostela ao longo dos séculos XII-XV. Poremos o feito peregrinatorio xacobeo en relación co poder pontificio e a comunicación mantida por diversos pontífices coa Igrexa de Santiago acerca de diversas cuestións relacionadas coa peregrinación compostelá. Unha peregrinación que se foi configurando e fixando de forma paulatina co devir do Medievo, e que se entrecruza con diversas disposicións emanadas do pontificado, o que nos permitirá profundar na súa caracterización e nalgunhas das súas liñas evolutivas.

Palabras clave: peregrinación xacobeá; poder pontificio; Igrexa de Santiago; séculos XII-XV.

O² pontificado e a sé de Santiago de Compostela mantiveron unha constante relación ao longo dos séculos medievais. Trátase de dous centros que, co devir da Idade Media, en especial dende os séculos XI-XII, se van configurando como

¹ Área de Documentación Medieval do Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago de Compostela.
Correo electrónico: xosemanuelsanchez@yahoo.es

² Siglas: ACS: Arquivo da Catedral de Santiago. ASV: Arquivo Secreto Vaticano. CSI: *Crónica de Santa María de Iria*, en ed. SOUTO CABO, J. A., *Rui Vasques. Crónica de Santa María de Iria*, Santiago de Compostela, 2001. HC: *Historia Compostelana*, en ed. FALQUE REY, E., *Corpus Christianorum. Continuatio Mediaevalis. Historia Compostellana*, n° LXX, Brepols, 1988.



O apóstolo Santiago na basílica de San Xoán de Letrán, en Roma, un dos centros de poder do pontificado romano.

poderes efectivos tanto na esfera relixiosa como política. A relación entre os dous estivo marcada por diversos factores: nalgúns casos por personaxes concretos, como Urbano II, Diego Xelmírez e Calisto II; noutros por conxunturas máis xerais en ámbitos económicos ou políticos, como co pontificado de Inocencio III, a cabalo entre os séculos XII e XIII; e noutras ocasións por feitos precisos, como a revolta no seo da cal chega a Compostela o prelado Berenguel de Landoira, nomeado por Xoán XXII, ou o devir da Igrexa no Cisma de Occidente a finais do século XIV.

A comunicación prodúcese de xeito paralelo ao fortalecemento do poder pontificio, dende a plena Idade Media, e ao asentamento do papado á cabeza da Igrexa Occidental; un desenvolvemento que inflúe en múltiples eidos da vida da sé de Santiago, sobre todo os do poder efectivo da mesma como señor feudal³, a conformación da provincia eclesiástica compostelá como sé metropolitana⁴ e a esfera económica⁵.

O fortalecemento pontificio medieval, que vive o seu principal esplendor con Gregorio VII, Inocencio III e Xoán XXII, ten o seu espello na Península Ibérica no espectacular ascenso da Igrexa de Santiago no século XII e no asentamento da mesma co avance do Medievo; un desenvolvemento económico, político e diocesano, pero que non esquece un elemento determinante e fundamental xa dende a alta Idade Media: o feito de Compostela como centro de peregrinación.

Este era un ámbito moi presente, como non podía ser doutro xeito, na política compostelá e pola súa importancia ten sido analizado en múltiples ocasións e dende diversos puntos de vista⁶. Este artigo non pretende cuantificar nin valorar o fenómeno peregrinatorio, senón achegar un novo enfoque de forma monográfica: a relación, consideración e influencia da política pontificia sobre a peregrinación xacobeá, apoiándonos en fontes documentais que, ata o de agora e para esta peregrinación

3 Resulta especialmente salientable, neste sentido, o papel que xogan as confirmacións de dereitos e posesións emanadas da corte pontificia ao longo dos séculos XII-XV, tanto as *confirmatio generalis* como outros documentos moito máis detallados, nos que se especifican todos os espazos e elementos obxecto do documento. Unhas confirmacións que se relacionan, do mesmo xeito, coa consolidación do pontificado como cabeza da Igrexa e co pontífice como autoridade suprema, posuidor da *auctoritas*. Son 18 as comunicacións documentadas neste sentido dirixidas a Santiago entre os anos 1110 e 1410. SÁNCHEZ SÁNCHEZ, X. M., *La Iglesia de Santiago y el Pontificado en la Edad Media (1140-1414)*. Colección de Documentación pontificia medieval de la Catedral de Santiago, Santiago de Compostela, 2006, p. 102-104.

4 Definida en catro etapas: 1124-1198, marcada pola pugna con outras sés peninsulares, como Braga ou Toledo; 1198-1216, co pontificado de Inocencio III; 1216-1393, cunha fase de tranquilidade, neste ámbito, que chega ata o Cisma de Occidente; e 1393-1417, cun reordenamento da provincia ao fio do Cisma. *Ibidem*, p. 66-67.

5 Un ámbito marcado polo pagamento de exaccións e impostos segundo as diversas conxunturas ao longo dos séculos XII, XIII e XIV. *Ibidem*, p. 147-150.

6 Podemos referir algúns dos estudos máis recentes: PORTELA SILVA, E., "El Camino de Santiago y la articulación del espacio en Galicia", *El Camino de Santiago y la articulación del espacio. XX Semana de estudios medievales. Estella '03*, Pamplona, 2004, p. 229-245; MARQUES, J., "Imagens e peregrinações medievais no ocidente peninsular", en D'ARIENZO, L. (ed.), *Gli Anni Santi nella Storia. Atti del Congresso Internazionale. Cagliari 16-19 ottobre 1999*, Cagliari, 2000, p. 247-313; PLÖTZ, R., "Sanctus et Peregrinus – Peregrinus et Sanctus. Peregrinatio ad Sanctum Jacobum usque ad annum 1140", en CAUCCI VON SAUCKEN, P. (ed.), *Santiago, Roma Jerusalén. Actas del III Congreso Internacional de Estudios Jacobeos*, Santiago de Compostela, 1999, p. 89-105; ANDRADE, J. M., "A Peregrinación a Santiago de Compostela e os seus camiños", *Galicia románica e gótica*, Santiago de Compostela, 1997, p. 54-61; e LÓPEZ ALSINA, F., "El Camino de Santiago: realidad histórica y tema historiográfico", *IV Semana de Estudios Medievales. Nájera del 2 al 6 de agosto, 1993*, Logroño, 1994, p. 89-104.

medieval, non foran consideradas de maneira monográfica e ampla. Referímonos á propia documentación pontificia, emanada da chancelaría papal.

As comunicacións pontificias revélanse como un conxunto de fontes fundamental á hora de considerar calquera aspecto do fenómeno xacobeo, tanto dende un punto de vista directo como indirecto. Algúns factores, como o político, o económico ou o administrativo, contan cun elevado número de documentos que fan referencia directa ao seu desenvolvemento, mentres que para outros o volume é cuantitativamente menor; este é o caso do fenómeno da peregrinación a Compostela. Non dispoñemos dun continxente amplo de fontes documentais que fagan referencia directa, nin con disposicións monográficas, pero si existen referencias en varios textos, ou determinadas actuacións levadas a cabo dende a corte papal, que teñen como un dos seus fondos o feito peregrinatorio a Santiago.

Así, contamos con tres bulas, emitidas no século XIII, con temática relacionada directamente coa peregrinación, en concreto acerca da cuncha como símbolo da peregrinación a Compostela⁷. Pero, malia non posuír comunicacións directas, non termina aí, nin moito menos, a información nin a influencia das peregrinacións na relación da Igrexa de Santiago coa corte pontificia; acoden na nosa axuda referencias e mencións noutros documentos con asuntos diversos, non só para nos permitir documentar tal cuestión senón para realizar unha análise máis profunda do fenómeno ao longo dos séculos XII a XV; uns documentos conservados, fundamentalmente, no Arquivo da Catedral de Santiago e no Arquivo Secreto Vaticano.

A política pontificia influíu e relacionouse, do mesmo xeito que no caso das demais sés metropolitanas, co desenvolvemento da Igrexa de Santiago xa dende os seus inicios, e en tal contexto o ámbito peregrinatorio non é unha excepción⁸.


A constatación da igrexa compostelá como sé de seu ten lugar o 5 de decembro do ano 1095 coa bula *Et decretorum synodaliū* de Urbano II⁹. Emitida no concilio de Clermont-Ferrand, nela trasládase a antiga sé de Iria a Compostela, marcando o inicio da historia da Igrexa de Santiago como tal.

Con anterioridade, practicamente dende a *inventio*, a que ía ser Igrexa compostelá mantiña un comportamento que reflectía o da súa irmá maior, a sé romana, tomadas ambas as dúas como os principais centros de peregrinación do Occidente cristián. A fundación con Sisnando I de igrexas dedicadas a San Silvestre, ao Salvador e a

7 Bulas emitidas por Inocencio III, Clemente IV e Gregorio X. AGUIRRE, *Maxima Conciliorum*, t. V, Roma, 1755, GONZÁLEZ BALASCH, M.^a T., *Tombo B de la Catedral de Santiago*, Santiago de Compostela, 2004, doc. 331, p. 621-622 e *ibidem*, doc. 333, p. 623.

8 Robert Plötz define perfectamente este proceso e relación entre ambas as dúas sés en canto á peregrinación para a época de Diego Xelmírez: "¡Sin Roma ningún movimiento de peregrinos, ninguna importancia europea! se podría suponer". PLÖTZ, R., "Sanctus", *op. cit.*, p. 104.

9 Dela consérvanse tres copias no Arquivo da Catedral de Santiago: ACS, CF 33, fols. CCXLvº-CCXLlr e fol. CCLIIIrº-vº, do *Tombo B*, e ACS, IG 27, fols. 509rº-510rº, da *Chartularum ac Diplomatum S. A. Compostellane Ecclesie Collectio Maxima*. Acerca do traslado da sé: LÓPEZ ALSINA, F., "Urbano II y el traslado de la sede episcopal de Iria a Compostela", en *El Papado, la Iglesia Leonesa y la Basílica de Santiago a finales del siglo XI. El traslado de la Sede Episcopal de Iria a Compostela en 1095*, Santiago de Compostela, 1999, p. 107-127.



Bulas a Diego Xelmírez na *Historia Compostelana*, unha fonte fundamental para a historia da relación entre Compostela e o pontificado. Fonte ACS, CF 39, fol. 2^o.

San Xoán Bautista na contorna da basílica compostelá, do mesmo xeito que ocorre no caso romano¹⁰, ou a utilización do título *bispo de sé apostólica* no século XI¹¹, ofréce-nos boa mostra diso; dúas sés que mantiñan, *grosso modo*, un fundamento equivalente: a posesión dun sepulcro apostólico e, o que cremos máis importante dende o punto de vista efectivo, o feito de seren centro de peregrinación.

Os procesos de recoñecemento á Igrexa de Santiago, traslado da sé de Iria en 1095 e avance da institución no século XII, posúen dous fundamentos nos que a Igrexa galega se apoiou para as súas reclamacións. Por unha banda, solicitouse o recoñecemento da sé como episcopal –neste momento non se considera aínda a calidade metropolitana– sobre a base da súa calidade de centro apostólico; este aspecto fora reclamado xa por Dalmacio, no último cuarto do século XII, e o mesmo bispo asiste ao concilio de Clermont, incorporando a reclamación de exención da Igrexa compostelá e o seu sometemento directo á autoridade pontificia¹².

En segundo lugar, o feito da peregrinación a Compostela como lugar de localización do sepulcro e restos do apóstolo Santiago conferiulle unha importante fundamentación nas súas sucesivas reclamacións¹³, algo do que posuímos indicios e vestixios na documentación pontificia.

A influencia da peregrinación resulta primordial neste primeiro momento da historia compostelá e aparece destacada por diversos autores, malia que en ocasións se lle atribúe un sentido que non cremos que sexa acertado de todo. Vázquez de Parga, Lacarra e Uría, na súa consideración do traslado da sé iriense, confírenlle ao feito peregrinatorio unha importancia capital, no sentido de que o desenvolvemento da peregrinación a Compostela no século XI provocara un certo receo na corte pontificia¹⁴; esta é tamén a opinión que se lía xa na *Crónica de Santa María de Iria*, do século XV, ao afirmarse, en canto ao pontificado de Urbano II “*ca enton a Egleja de Roma avia en odio a Egleja de Santiago, porque lle non obedescia tanto como devia, et se afirmava sua igoal et cabeça das eglejas occidentales, porque tiña o corpo do apostollo señor Santiago*”¹⁵. Estes autores atribúen a iso o emprego, nas concesións e comunicacións pontificias, da fórmula

10 LÓPEZ ALSINA, F., “Años Santos Romanos y Años Santos Compostelanos”, en CAUCCI VON SAUCKEN, P. (ed.), *Santiago, Roma Jerusalén. Actas del III Congreso Internacional de Estudios Jacobeos*, Santiago de Compostela, 1999, p. 214.

11 *Ibidem*, p. 214-215.

12 Un proceso no que inflúen outros factores máis achegados ao ámbito político, como a puxanza da veciña sé bracarense que en nada beneficiaba á Igrexa de Santiago. PORTELA SILVA, E., *García II de Galicia. El rey y su reino (1065-1090)*, Bilbao, 2001, p. 84-88.

13 Expresa Fernando López Alsina: “*La sede apostólica de Iria-Compostela, que atraía peregrinos de diversos países europeos, aspira al reconocimiento romano de sus condiciones de sede apostólica*”. LÓPEZ ALSINA, F., “Urbano II”, *op. cit.*, p. 116.

14 VÁZQUEZ DE PARGA, L., LACARRA URÍA, J. M. e URÍA, J., *Peregrinaciones a Santiago*, t. I, Madrid, 1948, p. 51-52. Tamén Guerra Campos, en determinadas anotacións, fai referencia a un “recelo romano”. ACS, C12/1. NOVÁS PÉREZ, M^a E., *Catálogo da Colección Guerra Campos do Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, 2004, doc. 23-1, en: http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/guerra_campos.pdf

15 CSI 5.4, p. 76, reiterado en CSI 6.5, p. 83.

*corpus requiescere creditur*¹⁶ en referencia ao sepulcro apostólico e Igrexa de Santiago, subliñando unha crenza na apostolicidade e non unha afirmación rotunda.

Efectivamente, a utilización desta fórmula ou similares obsérvase boa en parte da documentación compostelá máis temperá dende Urbano II, malia que presenta cambios significativos ao longo da relación epistolar entre ambas as dúas sés no século XII, cambios máis vinculados á esfera política que á propia consideración cultural ou de crenza na presenza dos restos apostólicos. E isto, coas concesións existentes ao longo dos diversos pontificados, non é irrelevante en relación coa peregrinación.

Se consideramos as coñecidas concesións pontificias a Compostela dende o ano 1095, o ascenso da sé parece imparabile ata ben entrado o pontificado de Diego Xelmírez. En 1095 Urbano II traslada a sé, coa consideración de exenta; en 1100 don Diego é nomeado bispo; en 1120 Calisto II concede a calidade metropolitana temporal sobre a provincia emeritense e a calidade de legado pontificio nas provincias de Braga e Mérida, e dende 1124 a calidade arcebispal é definitiva. Trátase dunha evolución que non amosa unha actitude demasiado hostil.

As consideracións pontificias do século XII en relación con esa presenza efectiva dos restos apostólicos basculan entre o *creditur* e o *positum*, en especial nas comunicacións dende Pascual II ata o pontificado de Alexandre III, xa na segunda metade da centuria. Tales cambios posúen unha gran relación co eido político, fluctuando nos diversos pontificados en función da súa relación coa Igrexa de Santiago ata que as propias fórmulas, nesa segunda metade do século, perden o seu sentido literal¹⁷. Pero, máis alá do significado político que nos poidan translucir, a súa interpretación ofrécenos de igual xeito algunha información acerca do ámbito da peregrinación.

As devanditas fórmulas non empregan unicamente o *creditur* senón que, xa con Pascual II, se incorpora a consideración “*Iacobi apostoli corpus in partes Hyspaniarum allatum occidentalis credit et veneratur Ecclesia*”¹⁸. Figuran asociados nesta frase dous verbos que non son casuais, *credit* e *veneratur*, remitíndonos a unha postura moi concreta do pontificado nesta primeira metade do século XII: a non afirmación rotunda da presenza efectiva dos restos apostólicos en Compostela. Documentáanse estas fórmulas nos pontificados de Urbano II, Pascual II, Uxío III e Anastasio IV, sobre todo o *creditur*, agás no de Calisto II no que se substitúe polo *positum*¹⁹.

Malia que a primeira vista se podería interpretar esta declaración como unha actitude contraria á sé, o contido destas concesións e o propio desenvolvemento da historia da Igrexa de Santiago débenos levar a matizar tal afirmación. Boa parte destes documentos outorgan importantes concesións, como o traslado de sé ou a do palio a

16 Por exemplo, na bula *Et decretorum synodaliū* de traslado da sé ou, xa no século XII, ao longo do pontificado de Pascual II.

17 SÁNCHEZ SÁNCHEZ, X. M., *La Iglesia*, op. cit., p. 61-62.

18 ACS, Tombo B, fol. CCXXVvº-CCXXVIrº e HC, I, XVII, 2.

19 Non contamos, neste sentido, con testemuños pontificios de Inocencio II nin de Honorio II.

Diego Xelmírez por Pascual II²⁰, documentos nos cales non se limitan os dereitos composteláns senón que, dende o pontificado, se favorece o fortalecemento da institución.

Iso é interpretable en parte grazas ao *veneratur*, á veneración do sepulcro apostólico que se desenvolvía no núcleo compostelán, materializada na peregrinación que dende a alta Idade Media fluía dende a península e boa parte de Europa cara a Compostela²¹. Esta peregrinación constituía, declarada nesta fórmula pontificia que alude á veneración en concreto, un elemento de forza fundamental nas reclamacións compostelás; e o pontificado era consciente diso. Non debemos interpretar tal veneración como unha actitude unicamente do estamento clerical, xa que iso non tería constituído un factor de forza desta consideración, senón que, en parte, é a veneración popular e a súa difusión por toda a Igrexa occidental a que subxace nas consideracións pontificias. O mesmo Pascual II, na súa concesión do palio, explicita con claridade: *veneratur Ecclesia*²². Sobre esta base fai énfase Calisto II, un dos papas máis favorecedores da Igrexa compostelá, na súa concesión definitiva da provincia eclesiástica emeritense de 1124, cando se refire aos restos apostólicos como *venerandissimum corpus*²³.

Dende o mesmo pontificado, nalgunha ocasión, dáse testemuño máis concreto da veneración da que era obxecto a sé compostelá; en 1121 Calisto II pídelles a Diego Xelmírez que coide e atenda a Guido, un cabaleiro do círculo do pontífice que fixera voto de visitar a igrexa de Santiago; malia que neste caso non se menciona o vocábulo peregrino, si se afirma que “*votum habuit beatissimi Iacobi apostoli ecclesiam visitandi*”²⁴. Tal comprobación práctica, xunto coa boa relación e sintonía do prelado compostelán co papa, tradúcense nun recoñecemento da devoción por medio do *positum*.

O emprego das fórmulas *positum* ou *creditur*, nos sucesivos pontificados, deriva tamén do contexto evolutivo da propia Igrexa romana. Retómase agora unha concepción xa formulada a mediados do século XI por Gregorio VII que lle atribuíu á Igrexa hispana unha fundación petrina por sete homes enviados por San Pedro, reducindo o ámbito de evanxelización de Santiago a Xerusalén²⁵; é sobre esta base sobre a que se recoñecía a apostolicidade compostelá. Isto insírese perfectamente nun momento no que o pontificado se estaba a configurar como poder ao fronte da Igrexa, constituíndo un argumento de forza da Igrexa petrina²⁶.

20 ACS, Tombo B, fol. CCXXVvº-CCXXVlrº e HC, I, XVII, 2.

21 Unha peregrinación que, neste momento, inflúe de maneira decisiva na configuración de Compostela como núcleo urbano. PORTELA SILVA, E., “El Camino de Santiago y la articulación del espacio en Galicia”, *El Camino de Santiago y la articulación del espacio hispánico. XX Semana de Estudios Medievales de Estella*, Pamplona, 1984, p. 238.

22 ACS, Tombo B, fol. CCXXVvº-CCXXVlrº e HC, I, XVII, 2.

23 ACS, Tombo B, fol. CCXXXIXvº-CCXXXIXrº, HC, II, LXIII, 4 e LXIV, 7. Con Calisto II realízase unha afirmación moito máis férrea da presenza dos restos apostólicos en Compostela, relacionada co contexto político europeo, sobre todo co feito de que o pontífice era tío de Afonso Reimúndez, futuro monarca Afonso VII, pupilo de Diego Xelmírez; o apoio deste ao seu sobriño supón o favorecemento da sé. SÁNCHEZ SÁNCHEZ, X. M., *La Iglesia*, op. cit., p. 61.

24 HC, II, XLIV, 4.

25 LÓPEZ ALSINA, F., “Años Santos”, op. cit., p. 215-216.

26 Acerca da formulación da primacía romana en época de Diego Xelmírez: BLUMENTHAL, Uta-Renate, “Paschal II and the Roman primacy”, *Archivum Historiae Pontificiae*, 16 (1978), Roma, p. 67-92.

Deste xeito, e tendo en conta o morno pronunciamento pontificio respecto á presenza apostólica, con que elemento de forza conta a Igrexa compostelá nas súas reclamacións? Sen dúbida, á parte doutros, coa veneración do *locus* e coa difusión do mesmo mediante a peregrinación; un fenómeno que dende o pontificado se acepta e reconece nas fórmulas xa consideradas. Klaus Herbers fai fincapé na importancia da posesión de reliquias apostólicas como argumento nas demandas da Igrexa de Santiago²⁷; como materialización, a isto débémolle engadir a peregrinación, que se converte de igual xeito nun elemento de forza, ademais de constituír, como tamén sinala Herbers, un factor fundamental no desenvolvemento e auxe económico da sé por medio do pulo e organización desa peregrinación²⁸.

O pontificado recibe de boa gana esta peregrinación nunha área xeográfica na que se está a librar unha Cruzada, e tal peregrinación podía considerarse como medio para afianzar o culto, a fe e potenciar a Reconquista; non esquezamos que a disposición que sanciona o traslado de sé de Iria a Compostela emana do concilio de Clermont-Ferrand, en 1095, no cal Urbano II proclama tamén a Primeira Cruzada²⁹. Neste momento o espírito de Cruzada, concibida como unha peregrinación armada³⁰, deu desenvolvemento a diversas formas de piedade entre as que destaca a veneración de reliquias por medio da peregrinación³¹, un gran fertilizante para o crecemento xacobeo.

Non posuímos, pois, para este primeiro momento unha documentación pontificia explícita que nos permita valorar o alcance da peregrinación compostelá, pero si unha serie de testemuños, insertos noutros documentos, que atestan non só a veneración dos restos apostólicos composteláns senón a súa asunción por parte do pontificado, o que nos permite ver niso un dos argumentos de autoridade para o ascenso compostelán do século XII, sobre todo na primeira metade.

Tanto a situación como as fontes dan un paso máis no século XIII. Ao longo desta centuria non só a peregrinación senón tamén os seus ritos e símbolos estarían xa asentados, derivados dun devir dende a alta Idade Media. O volume de peregrinos e viaxeiros a Santiago ao longo do Camiño debía de ser considerable, e os ritos e símbolos asociados á peregrinación vanse fixando paseniño coa confirmación pontificia.

27 "Para todas las prerrogativas y ascensos de rango que Compostela consiguió en los veinte años bajo Diego Gelmírez, siempre se recurrió a la posesión de las reliquias del Apóstol como argumento para conseguir para la sede apostólica [...] el rango que se merecía". HERBERS, K., *Política y veneración de Santos en la Península Ibérica. Desarrollo del "Santiago político"*, Pontevedra, 2006, p. 44.

28 *Ibidem*, p. 47-48.

29 Un movemento, o cruzado, que dende o pontificado non fora previsto con tanta intensidade como foi asumido inmediatamente. FRINK, K. A., *Chiesa e papato nel Medioevo*, Boloña, 1998, p. 56; desenvolve o concilio nun estudo xa anterior SOMMERVILLE, R., "The council of Clermont (1095), and latin christian society", *Archivum Historiae Pontificiae*, 12 (1974), p. 55-90.

30 *Ibidem*, p. 56; GARCÍA DE CORTAZAR, J. A., "El hombre medieval como "homo viator": peregrinos y viajeros", *IV Semana, op. cit.*, p. 15. Un espírito que se observa, no terreo máis próximo ao feito xacobeo, no relato do libro IV do *Liber Sancti Iacobi*, o denominado Pseudo-Turpin. PLÖTZ, R., "Milites et nobilitates in itinere stellarum (saeculum XI ad saeculum XVI)", *Viajes y viajeros en la España medieval*, Madrid, 1977, p. 115.

31 LORTZ, J., *Historia de la Iglesia*, t. I, 2003, Madrid, p. 562-563.

A principios da centuria, unha cuestión máis relacionada co eido espiritual ofréce-nos unha pincelada da magnitude do fenómeno. En 3 de outubro de 1224, o pontífice Honorio III diríxese ao prelado compostelán para que evite o contacto dos camiñantes que acoden a visitar Compostela dende múltiples lugares, ao seu paso por Logroño, cunha serie de excomungados polo arcebispo de Calahorra³². O obxecto desta bula son os *universis limina beati Iacobi visitantibus* que son, en calquera caso, *peregrinus* no sentido clásico do termo, estranxeiros³³, ou *peregrinatores*, viaxeiros, e que como tales non deben ser excluídos, en ningún dos dous casos, das consideracións no que atinxe ao continxente de peregrinos no Camiño de Santiago medieval; se o número de peregrinos e viaxeiros se tivese reducido tal disposición carece de sentido.

E é que os problemas de intendencia e organización que o fluxo de peregrinos causaba chegaban a afectar aos máis elementais fundamentos do propio culto, ante o cal a prelatura compostelá se viu obrigada a solicitar determinadas ferramentas de traballo ao pontificado. Nun dos momentos de auxe da peregrinación, como son os séculos XII-XIII, o volume de peregrinos non debía de ser sempre doado de controlar, en especial dentro da basílica compostelá, o que daba lugar en ocasións a disputas no templo³⁴; de feito, esta situación foille comunicada polo prelado don Pedro Muñiz ao pontífice Inocencio III nos inicios da centuria, ao que o Papa responde conferindo a posibilidade de reconciliar a igrexa, en 20 de xuño de 1207³⁵. Ao longo da centuria os estatutos capitulares farán referencia precisamente ás disputas e feitos violentos que se producían dentro da catedral, de xeito que o estatuto aprobado polo Cabido en 1271 especificaba as penas impostas para estes casos³⁶. Tales circunstancias íanse ver empeoradas enormemente, como veremos, a inicios do século XIV canda unha revolta urbana.

Por outra parte, no século XIII atopámonos en plena oficialización dun dos principais símbolos da peregrinación xacobeá, nun proceso relacionado co pontificado: a cuncha. A asociación da vieira, ou cuncha, coa peregrinación a Compostela viña xa de atrás. No *Liber Sancti Iacobi* unha coñecida referencia fixa a súa presenza na peregrinación compostelá; o sermón *Veneranda dies* no libro I do *Liber* refire o emprego das cunchas como distintivo da peregrinación, ao referir que “*polo mesmo que os peregrinos que veñen de Xerusalén traen as palmas, así os que regresan do santuario de Santiago traen as cunchas*”, en concreto as de “*uns mariscos no mar próximo a Santiago, que o vulgo chama*

32 MANSILLA REOYO, D., *La documentación pontificia de Honorio III (1216-1227)*, Roma, 1965, doc. 520.

33 Cc. concepto de *peregrinus* vid. PAUL, J., *La Iglesia y la cultura en Occidente (siglos IX-XII)*, vol. 2, Barcelona, 1988, p. 455 e ss; GARCÍA DE CORTAZAR, J. A., “El hombre”, *op. cit.*, p. 13 e ss.; CREMADES UGARTE, I., “Peregrino: extranjero y ciudadano. Reflexiones sobre *peregrinus* antiguo y peregrino medieval”, *Iacobus*, 21-22 (2006), Valladolid, p. 47-86.

34 LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, t. V, 1902, p. 93-94.

35 Esta situación explicitase claramente na comunicación de Inocencio III: “*quod venientibus ad ecclesiam beati Iacobi ex diversis regionibus peregrinis, et volentibus aliis ab alteris per contentiones et rixas altaris de nocte custodiam vendicare, homicidia contingunt interdum, et aliquando vulnera inferuntur*”. MANSILLA REOYO, D., *La documentación pontificia hasta Inocencio III (965-1216)*, Roma, 1953, doc. 369.

36 PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *La Iglesia de Santiago de Compostela en la Edad Media: El Cabildo catedralicio (1149-1400)*, Santiago de Compostela, 1996, p. 145.



Imaxe do apóstolo Santiago coa cuncha como símbolo. Capela dos catro Apóstolos do castelo de Rouen, ca. 1270. Fonte: Museo Nacional da Idade Media, París.

*vieiras*³⁷. Un testemuño que, máis alá de calquera controversia acerca da autoría do Códice ou data do mesmo, documenta o emprego deste símbolo como asociado á peregrinación a Compostela xa no século XII.

A evolución política, en canto ao poder político que coñecera a Igrexa de Santiago no século XII, viuse acompañada, case seguro, por un asentamento do rito da peregrinación, configurándose ou fixándose elementos como os salientados polo *Veneranda dies* en canto á vestimenta e símbolos dos peregrinos xacobeos, máis alá do volume e entidade que puidese ter esta peregrinación. E entre estes símbolos atópase a cuncha ou vieira como testemuño da realización do Camiño de Santiago. Con esta “oficialización” do rito, á altura do século XIII xa se trata dunha cuncha moi determinada, cunha cuñaxe específica realizada en Compostela e elaborada tanto por artesáns da cidade como pola propia institución eclesiástica compostelá. A cuñaxe de cunchas debeu de constituír un elemento importante dentro dos recursos económicos da Igrexa de Santiago, ata o punto de que en 10 de febreiro do ano 1200, chégase a un acordo cos cuncheiros da cidade para se repartiren a elaboración e venda de tales elementos; unha concordia cun dobre sentido claro: “*quod ministerium concharum fideliter exerceatis utilitatem nobis et ecclesie nostre faciendo et veritatem peregrinis conservando*”³⁸, o servizo aos peregrinos e o beneficio da propia Igrexa, fixándose por unha parte un número de 28 tendas propiedade da institución eclesiástica, coas cales “*haremos lo que fuere nuestra voluntad*”³⁹, e por outra unha renda que percibiría polas restantes⁴⁰.

Pero, como moitos outros aspectos, tampouco a cuñaxe de símbolos escapou á picaresca que debía de fluír arredor do Camiño, e floreceron paralelamente cuñaxes ilegais de cunchas, algo que non só falseaba o testemuño de peregrinación senón que minguaba os ingresos. Ante esta situación, a Igrexa de Santiago e o seu prelado, don Pedro Suárez de Deza, recorren novamente á autoridade competente: o pontificado.

A inicios do século XIII o pontificado xa se configurara como cabeza da Igrexa e como *autoritas* suprema, reforzada coa grande autoridade e actividade do pontífice Inocencio III. A solicitude realizada debeu de ser a de protección para a cuñaxe e venda das cunchas xacobeas e contou, igual que anteriormente, co apoio pontificio; así, o 18 de xuño de 1207 Inocencio III emite unha bula aos bispos de España e de Gascuña pola cal prohibía a produción e cuñaxe falsa das cunchas asociadas á peregrinación xacobeas, impondo excomunión para aqueles que cuñasen as denominadas “*adulterina insignia Beati Iacobi, que conchæ dicitur*”⁴¹. No caso de Inocencio III esta disposición

37 MORALEJO, A., TORRES, C. e FEO, J., *Liber Sancti Jacobi “Codex Calixtinus”*, Lugo, 1998, p. 205-206. Acerca do emprego deste símbolo no *Liber*: ANGUITA JAÉN, J. M^a, “La concha jacobea (“vieira””, en *Liber Sancti Iacobi (Codex Calixtinus)*”, *Iacobus*, 1 (xuño 2006), p. 47-54.

38 Unha concordia fixada en ACS, Tombo C, fol. 82. LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia*, op. cit., t. V, ap. V, p. 16-17.

39 Trad. de LÓPEZ FERREIRO, A., *Fueros municipales de Santiago y su tierra*, Santiago de Compostela, 1895, p. 109.

40 A posesión das cunchas non se debe tomar á lixeira, xa que mesmo algunhas confrarías esixían a súa posesión para ingresar nelas. *Ibidem*, LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia*, op. cit., p. 38-40.

41 AGUIRRE, *Collectio maxima Conciliorum*, t. V, Roma, 1755, doc. 138, p. 140. Un documento que nesta edición aparece baixo a epígrafe *De adulterinis insignis B. Iacobi*. Respecto das bulas sobre as cunchas de Alexandre

non é a única que afecta aos peregrinos composteláns senón que, no seo dun reforzo da Reconquista e da Cruzada, unhas das principais preocupacións no seu pontificado, o Papa equipara os peregrinos cos cruzados, outorgando o privilexio de poder recibir o sacramento da penitencia⁴²; favorece todo isto a imaxe do Santiago *miles Christi*, como o intitulan na portada do *Tombo B* da Catedral de Santiago⁴³, de maneira que a potenciación do seu culto era, en certa maneira, outra vía de fortalecemento reconquistador e cruzado.

No que se refire á vieira regulamentábase así, sancionada dende o pontificado, a produción dos emblemas asociados á peregrinación xacobeá, nun proceso que non tivo aquí, en canto ás cunchas, o seu final. Tal admonición non debeu de resultar demasiado efectiva a medio prazo, xa que a institución compostelá viuse obrigada a recorrer novamente ao pontificado como garante dos seus dereitos; así, en 7 de marzo de 1266, Clemente VI repite a admonición, sancionando con anatema a todo aquel que cuñase ilegalmente ou vendese os símbolos da peregrinación a Compostela as “*signa beati Iacobi, que conche vulgariter nuncupatur*”⁴⁴. Esta confirmación vese ratificada novamente por Gregorio X, en 7 de marzo de 1272, establecendo que a produción desas “*signa beati Iacobi, que conche vulgariter appellantur*” teña lugar unicamente na cidade de Compostela⁴⁵.

Os tres documentos insírense nun contexto máis xeral de evolución da Igrexa peninsular e europea, así como da política pontificia, principalmente no que se refire ao ámbito económico. Ao longo do século XIII a reclamación de exaccións por parte do pontificado foi en aumento con respecto á centuria anterior; de feito, é a partir deste século cando comezamos a atopar documentación pontificia dirixida á Igrexa de Santiago e relacionada coa esfera económica⁴⁶. Co pontificado de Inocencio III, dende 1198, a atención pontificia diríxese a unha nova Cruzada e ao combate contra os musulmáns, tanto na Península Ibérica coma nos Santos Lugares; a iso dedicará Inocencio boa parte dos seus esforzos, supeditando calquera outra cuestión particular dos diversos reinos, como podían ser as loitas internas. O Papa solicita en varias comunicacións que os esforzos de monarcas e prelados se centren en combater os musulmáns.

IV e Gregorio X, notas na Colección Guerra Campos en ACS, C 30/1, baixo a epígrafe parcial de *Alejandro IV y Gregorio X. Conchas*. NOVAS PÉREZ, M^a E., *Catálogo, op. cit.*, doc. 60-4.

42 MARQUES, J., “Imagens e peregrinações medievais no ocidente peninsular”, en D’ARIENZO, L. (ed.), *Gli Anni Santi nella Storia. Atti del Congresso Internazionale. Cagliari 16-19 ottobre 1999*, Cagliari, 2000, p. 301. Entre os séculos XI e XII producírase o que Robert Plötz denomina «una “contaminación” de la idea de la cruzada con el ideal de la “peregrinación religiosa”», o que se observa en obras como o *Ad milites Templi de laude novæ militiæ* de Bernardo de Claraval e, de xeito máis práctico, con anterioridade, na concesión de 1064 realizada polo pontífice Alexandre II outorgando a absolución total para aqueles que participasen na toma de Barbastro. PLÖTZ, R., “Sanctus”, *op. cit.*, p. 98.

43 ACS, *Tombo B*, fol. IIvº. *Ibidem*, p. 99.

44 ACS, *Tombo B*, fol. CCLXXvº-CCLXXI rº. Ed. GONZÁLEZ BALASCH, M.^a T., *Tombo B, op. cit.*, doc. 331, p. 621; SÁNCHEZ SÁNCHEZ, X. M., *La Iglesia, op. cit.*, p. 528-529.

45 ACS, *Tombo B*, fol. CCLXXIVº-CCLXXII rº. Ed. *Ibidem*, doc. 333, p. 623; LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia, op. cit.*, t. V, ap. XXXIX; DOMÍNGUEZ SÁNCHEZ, S., 1997, *Documentos de Gregorio X (1272-1276) referentes a España*, León, doc. 1, p. 107; e SÁNCHEZ SÁNCHEZ, X. M., *La Iglesia, op. cit.*, p. 540-541.

46 *Ibidem*, p. 148 ss.

Pero estas expedicións precisarían dunha importante inxección económica, e é por iso polo que no IV Concilio de Letrán, no ano 1215, se aproba o imposto da vixésima, orientado a unha nova Cruzada. No caso das Igrexas peninsulares a este pagamento sumárase o sufraxio dos exércitos reconquistadores, obrigadas a manter un dobre esforzo.

Por outra banda, nos anos 30 e 40 desenvolveranse diversas reclamacións de legados pontificios pola falta de pagamento de impostos e exaccións na península, por exemplo co colector Carsilio en 1238-1239 e comisionado por Gregorio IX, nos requirimentos de 1240-1241, ou nos do Concilio de Lyon de 1245⁴⁷. Unha situación que se mantivo ao longo de toda a centuria, empeorando no século XIV cunha diversificación dos impostos de maneira que, ao fío da centralización económica e administrativa de Aviñón, a vixésima deixa de ser o principal gravame⁴⁸.

Sobre esta base, a acolllida pontificia das reclamacións compostelás acerca da cuñaxe de cunchas como símbolo de peregrinación debe ser interpretada en dúas vertentes. Por unha banda, mantense a aceptación e protección do fenómeno peregrinatorio xacobeo que intuíramos coas fórmulas presentes na documentación papal do século XII, protexendo agora un dos seus símbolos e, con iso, a exclusividade da xestión desta peregrinación por parte do estamento eclesiástico compostelán. E, en segundo lugar, por medio destas admonicións o pontificado protexía tamén unha vía de ingresos para unha das sés peninsulares de maior importancia nunha situación económica nada cómoda ao longo de todo o século.

O papel compostelán no desenvolvemento da Reconquista foi moi destacado, non só dende o punto de vista simbólico senón tamén efectivo, xunto co arcebispo de Toledo. Ambos os dous foron, por exemplo, os comisionados por Inocencio III en 1206 e 1211 para mediar entre os monarcas de Castela e de León, co fin de pacificar a situación e orientar os esforzos rexios ao combate contra os sarracenos⁴⁹.

Así, as posibilidades das sés para cumprir coa contribución ás arcas reconquistadoras, a principios de século, e con exaccións xerais pontificias como a vixésima, ao longo de toda a centuria, dependían do aproveitamento dos seus propios recursos, tratando de paliar situacións como as que se producirían nos anos 40. No caso compostelán iso pasaba por manter os recursos derivados da peregrinación, nomeadamente as doazóns de peregrinos e a cuñaxe e venda das cunchas, entre outros⁵⁰. O pontificado foi consciente de tal circunstancia, non xa polo coñecemento que puidese ter da situación, senón polas propias solicitudes compostelás de apoio, e actuou en consecuencia outorgando toda a protección que lle foi posible⁵¹.

47 LINEHAM, P., *La iglesia La Iglesia española y el papado en el s. XIII*, Salamanca, 1975, p. 166-167.

48 SÁNCHEZ SÁNCHEZ, X. M., *La Iglesia*, op. cit., p. 156-157.

49 MANSILLA REYO, D., *La documentación*, op. cit., 1953, docs. 331 e 452.

50 SÁNCHEZ SÁNCHEZ, X. M., *La Iglesia*, op. cit., p. 212.

51 A elaboración e venda das cunchas foi igualmente protexida pola monarquía coa defensa do dereito de cuñaxe por Afonso X en 1260. LÓPEZ FERREIRO, A., *Fueros*, op. cit., p. 114-115.

A mediados de século outra súplica compostelá, respondida polo pontificado, incide sobre a importancia económica derivada da peregrinación, neste caso das doazóns dos peregrinos. A mediados do século XIII, as ofrendas realizadas no altar maior da Catedral constituían unha boa fonte de ingresos, malia que sometida aos vaivéns inherentes á propia peregrinación, é dicir, ao maior ou menor fluxo da mesma⁵². Neste contexto, e para un correcto reparto dos ingresos, o Cabido aproba un estatuto para distribuír de xeito equitativo os recursos entre os cóengos. Este texto é aprobado polo papa Gregorio IX, en 23 de marzo de 1241; nesta confirmación faise referencia a uns ingresos “*secundum varietates temporum et peregrinorum frequentiam*”⁵³.

A devandita confirmación realízase a petición compostelá, co pontífice como corroborador dun estatuto xa aprobado, pero, do mesmo xeito que as disposicións mencionadas, insírese no reforzo á Igrexa de Santiago dalgunhas das súas principais vías de ingresos: as derivadas da peregrinación. Mesmo se tales fontes de renda son moi amplas, con vías como as transaccións de propiedades e o cobro de rendas por foros e arrendamentos, non debemos esquecer as que aquí estamos a referir, que se aparecen na documentación é precisamente pola súa importancia.

No século XIV a situación non cambia en canto ás fontes coas que contamos para o noso estudo, manténdose as reducidas referencias documentais pero permitíndonos inferir liñas máis xerais de actuación.

Á altura da Baixa Idade Media a peregrinación a Compostela atopábase xa asentada e fluía por boa parte de Europa, e para o seu normal desenvolvemento debíase dar unha circunstancia evidente pero *sine qua non*: o acceso á cidade de Santiago. Dende o século XII sucedéranse ciclicamente unha serie de revoltas urbanas, no marco do propio sistema feudal, co señorío da urbe como obxecto; unhas revoltas que, no primeiro cuarto do século XIV, vólvense declarar con forza⁵⁴. Non nos ocupa, neste caso, a ampla dimensión sociopolítica deste levantamento, senón unha consecuencia de orde práctica que afectou enormemente á peregrinación: o peche das murallas da cidade.

A revolta estala en 1317, nun momento de división do Cabido compostelán tras a morte de don Rodrigo de Padrón en 1316, cunha dobre elección de prelado. Os habitantes da cidade, liderados por Alonso Suárez de Deza, levántanse en armas tratando de subtraer á Igrexa de Santiago o señorío do núcleo urbano e transformalo en reguengo.

Ante esta situación o pontífice aviñonense Xoán XXII nomea arcebispo compostelán a un home de confianza, o dominico francés Berenguel de Landoira, que logo duns primeiros momentos de titubeo acepta o nomeamento e acode a Compostela. O episodio dilátase sobre todo entre os anos 1318 e 1320, finalizando coa morte dos

52 Respecto da incidencia da peregrinación nos ingresos da sé: PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *La Iglesia, op. cit.*, p. 144 ss.

53 ACS, *Tombo B*, fol. CCLXVIII^o-v^o. Ed. en GONZÁLEZ BALASCH, M^a T., *Tombo B, op. cit.*, doc. 325, p. 615-616. A regulamentación das esmolas e ofrendas derivadas da peregrinación non resulta va, senón que incide nun aspecto que conducirá ao Cabido a máis dunha pugna entre os séculos XIII e XIV. PÉREZ RODRÍGUEZ, F. J., *La Iglesia, op. cit.*, p. 147-149.

54 PORTELA, E. e PALLARES, M^a C., “De Gelmírez a los *irmandiños*. Conflictos sociales en la ciudad de Santiago”, en *El Camino de Santiago: estudios sobre peregrinación y sociedad*, Madrid, 2000, p. 117-123.

líderes na fortaleza arcebispal da Rocha Forte, pero nese lapso de tempo os amotinados levan a cabo, principalmente, dous actos simbólicos pero moi efectivos: a retención de parte das fortalezas arcebispais⁵⁵ e o peche das murallas de Santiago, impedindo calquera tipo de paso. De feito, cando Berenguel chega a Compostela en outubro de 1317, verase obrigado a pasar de largo e refuxiarse no castelo da Rocha Forte, xa que a cidade estaba tomada.

As implicacións e desenvolvemento da revolta son intensas pero, na cuestión que nos ocupa, unha consecuencia resulta clara: co peche da cidade interrompiase tamén o acceso dos peregrinos, logo dun longo Camiño, e o fluxo da peregrinación⁵⁶; este é o panorama co que se deberon de atopar peregrinos como Rodulfo de Monte Hermero, gardamontes de Eduardo II de Inglaterra, que en 1316 é autorizado a peregrinar a Santiago⁵⁷. O recentemente nomeado arcebispo atópase cunha situación moi difícil, imposibilitado para tomar posesión da sé; así, solicita daquel que o nomeou toda a axuda posible. Cara a maio de 1318 Berenguel diríxelle a Xoán XXII unha súplica para poder reconciliar o templo compostelán ante a situación de violencia que se estaba a vivir, mesmo dentro do templo, e que podía afectar tanto aos peregrinos como aos propios habitantes da diocese, literalmente “*peregrinos et alios de civitate ac diocesi compostellane*”⁵⁸, referíndose de feito a ambos os dous como “*ad eandem ecclesiam assidue concurrentes*”⁵⁹.

A resposta do pontífice foi clara e contundente, se a consideramos no conxunto de concesións realizadas ao prelado para tratar de controlar a situación. Varias bulas son emitidas con dirección a Santiago en 2 de xuño dese mesmo ano, realizando disposicións diversas pero orientadas todas elas tanto a restablecer a normalidade, na medida do posible, como, en especial, a reforzar a autoridade episcopal e ofrecerlle a Berenguel certa marxe de manobra⁶⁰. Concédense, daquela, entre outros privilexios, a capacidade para realizar a visita eclesíastica e percepción de rendas⁶¹, a recadación de 2000 floríns de ouro⁶², a utilización do palio⁶³ e a facultade de dispensar as sentenzas

55 En 26 de marzo de 1318 Xoán XXII diríxese ao cóengo compostelán Martín Bernárdez e ao arcediogo tudense Fernando Arias para que obriguen a Alonso Suárez de Deza a devolver as fortalezas que tiña tomadas por un preito e homenaxe anterior. ASV, Reg. Av. 9, fol. 109 vº.

56 Respecto do papel do Camiño como espazo de comunicación nas revoltas urbanas compostelás: PORTELA SILVA, E., “El Camino”, *op. cit.*, p. 233-234.

57 Outórgalle *licentia nostra ad Sanctum Jacobum iam peregre*. VÁZQUEZ DE PARGA, L., LACARRA URÍA, J. M. e URÍA, J., *Peregrinaciones*, *op. cit.*, doc. 12, p. 26. Xa noutras ocasións os peregrinos foran testemuña das revoltas na cidade de Compostela, como no século XII cando un peregrino pisano lle dá a nova ao pontífice Inocencio II do levantamento que atenazaba a Diego Xelmírez. PORTELA, Ermelindo; PALLARES, Mª C., “De Xelmírez”, *op. cit.*, p. 114.

58 ASV, Reg. Av. 10, fol. 260vº.


59 Refírese a resposta de Xoán XXII o contexto: “*Exhibita siquidem nobis tua petitione continebat quod ecclesiam tuam Compostellanam, propter lites et discordias que notum peregrinos et alios de civitate ac diocesi compostellane ad eandem ecclesiam assidue concurrentes, sepius oriunda, ex quibus effusiones sanguinis et homicidia subsequuntur interdictum contingit*”. ASV, Reg. Av. 10, fol. 260vº.

60 SÁNCHEZ SÁNCHEZ, X. M., “La intervención del poder pontificio en la revuelta de 1318-1320 en territorio compostelano. Juan XXII y Berenguel de Landoira”, en prensa en *Territorio, Sociedad y Poder*.

61 ASV, Reg. Av. 10, fol. 260vº. SÁNCHEZ SÁNCHEZ, X. M., *La Iglesia*, *op. cit.*, p. 563-564.

62 ASV, Reg. Av. 10, fol. 293rº-vº. *Ibidem*, p. 569-571.

63 ASV, Reg. Av. 10, fol. 260rº. *Ibidem*, p. 565-566.



Bula de Gregorio X verbo das cunchas como símbolo de peregrinación. Fonte ACS, CF 33, fol. CCLXXIV^o.

de excomunión⁶⁴. Deste xeito dótese ao prelado de recursos económicos e fortalécese a súa figura. No contexto destes documentos emítese un no cal o pontífice lle outorga a Berenguel a posibilidade de reconciliar, por tempo de tres anos, o templo compostelán ante emisión de sangue, para poder manter o normal funcionamento litúrxico e evitar que lles afecte tanto aos habitantes da diocese como aos peregrinos⁶⁵.

A situación do levantamento era crítica, pero o fluxo peregrinatorio, como non podía ser doutro xeito, continuaba, e dende o pontificado tratouse de pór solución a tales cuestións, tanto dende o punto de vista político e do señorío como dende unha consideración máis práctica en canto ao culto e á peregrinación. É por iso polo que a apertura das murallas da cidade ocupou de igual xeito o interese de Xoán XXII nas súas comunicacións, sempre a pedimento e información compostelá. Así, en 22 de setembro de 1321, co levantamento xa aplacado e Alonso Suárez de Deza morto no castelo da Rocha Forte xunto co resto de líderes da revolta⁶⁶, Xoán XXII fai especial fincapé non só na realización de xuramento de fidelidade e homenaxe dos amotina-

64 ASV, Reg. Av. 10, fol. 261r^o. *Ibidem*, p. 567-568.

65 "Indulgemus ut ecclesiam ipsam quotienscumque per effusionem sanguinis vel seminis contigerit violari, per aliquam de personis eiusdem ecclesie in dignitate ac sacerdotio constitutam, reconciliari facere valeas". ASV, Reg. Av. 10, fol. 260v^o.

66 PORTELA, E., PALLARES, M^a C. e SÁNCHEZ, X. M., *Rocha Forte. El castillo y su historia*, A Coruña, 2004, p. 69.

dos ao prelado, senón na entrega das chaves da cidade⁶⁷. Subxace aquí, en parte, a necesidade de dar cabida e velar pola correcta atención aos peregrinos á súa chegada a Compostela, dende o punto de vista do culto, tratando de asegurar de cara ao futuro o libre tránsito cara á cidade e evitar un novo peche da muralla.

Malia que en determinadas ocasións se puxeron en dúbida algunhas fontes relativas á peregrinación xacobeá medieval, a validez da documentación que aquí manexamos está fóra de toda dúbida. Xoán XXII emite tales disposicións a petición compostelá; se na bula remitida aparece o termo *peregrinos* é porque o facía tamén na súplica enviada. E iso responde a unha necesidade práctica coa cal se atopou un prelado que acababa de chegar que nin sequera procedía da península, como era Berenguel de Landoira; un prelado que non posuía un interese especial en falsear este testemuño, dado que, de feito, non constituía a súa principal preocupación, se consideramos os ataques que sufrira, a toma das fortalezas, a rebelión de parte do Cabido e unha cidade en completa oposición.

Documentamos ademais, grazas ás fontes pontificias, un fenómeno peregrinatorio a Compostela que debía posuír, cando menos, certa notoriedade; polo menos tanta como para constituír un problema práctico merecedor dunha súplica e dunha disposición papal. Sen dúbida, se o número de peregrinos tivese sido exiguo ou moi reducido tal referencia non aparecería na documentación.

Unha nova defensa, daquela, dende o pontificado á peregrinación a Santiago, sempre a petición compostelá, que se insire nun contexto máis amplo de conflito na sé e relaciona este eido coas súas implicacións prácticas en canto ao volume de persoas que acababan de chegar.

Non pasarían por alto que nun estudo acerca do poder pontificio e a peregrinación compostelá non fixemos aínda referencia á bula *Regis Aeterni* e á concesión do Xubileu, mesmo cando xa consideramos as liñas xerais da cuestión ao longo do século XII. Iso é así debido a que, como xa demostramos⁶⁸, o xubileu compostelán non foi concedido en 1179, como supostamente se considerara ata o de agora, nin foi outorgado dende o pontificado, algo sobre o que xa outros autores expresaran con anterioridade as súas notables dúbidas⁶⁹.

O documento de concesión do xubileu compostelán foi elaborado, tanto no seu contido como na súa forma, en Compostela mesmo e, malia que non posuímos aínda unha cronoloxía concreta, podemos inferir que foi entre os anos 1350 e 1434. Trátase así de oficializar e fixar o fenómeno peregrinatorio e de non perder corda ante a promulgación no ano 1300 do xubileu romano por Bonifacio VIII. Para iso, téntase darlle lustre ao xubileu compostelán outorgándolle unha antigüidade considerable,

67 Debían “*prestare fidelitatis debite iuramentum, claves tradere supradictas et etiam assignare servitia debita reverentur impendere*”. ASV, Reg. Av. 16, fol. 114r°.

68 SÁNCHEZ SÁNCHEZ, X. M., *La Iglesia*, op. cit., p. 199-210.

69 LÓPEZ ALSINA, F., “Años Santos”, op. cit., p. 233-342; SINGUL, F., *Historia cultural do Camiño de Santiago*, Vigo, 1999, pp. 118-119; SÁNCHEZ SÁNCHEZ, M., *La Iglesia*, op. cit., p. 200.

remontándoo a un dos momentos de maior auxe do fenómeno da peregrinación, o século XII, en concreto a 1179, e atribuíndollo a un pontífice de actitude moi favorable á sé, Alexandre III.

O que neste caso nos interesa, máis alá da elaboración do texto, é a recepción que tivo dende o pontificado; é dicir, como toma o papado un documento ata este momento descoñecido pero que formula o xubileu compostelán e o fai emanar da autoridade pontificia.

O texto debeu de ser ben introducido na documentación do tesouro compostelán, e non difundido aos catro ventos nin referido constantemente; iso non tería sentido, xa que, supostamente, estaba alí dende había douscentos anos. Así, a súa existencia foi admitida con normalidade, sen documentar ningún tipo de queixa ou necesidade de validación⁷⁰, algo que só podemos interpretar no contexto dun relativamente forte fluxo de peregrinación ao longo de todo o Medievo. O pontificado asumiu a existencia dun documento que fixaba un fenómeno peregrinatorio que se desenvolvera ao longo de toda a Idade Media; deste xeito, xa no século XVI e con autorización do pontífice Paulo IV, o 1 de abril de 1557 realízase unha autenticación da bula *Regis Aeterni* por don Juan Suárez de Carvajal, bispo de Lugo, oficializando finalmente o documento⁷¹.

A análise da documentación pontificia medieval relacionada coa peregrinación xacobeá permítenos extraer unha conclusión xeral: a Igrexa de Santiago contou, ao longo de toda a plena e Baixa Idade Media, co apoio do pontificado no que atinxe á consideración, desenvolvemento e asentamento do fenómeno peregrinatorio a Compostela.

Malia que é certo que as fontes coas que contamos non son amplas, nin as referencias extensas, si nos permiten observar que, ao longo dos séculos XII-XV, o poder pontificio apoiou a Igrexa compostelá en todo aquilo relacionado co culto xacobeo e a peregrinación, e respondendo case sempre á solicitude da institución peninsular. As referencias presentes nas comunicacións do século XII permítennos documentar un culto compostelán recoñecido dende o pontificado, mesmo cando en ocasións non se afirmaba con total claridade a presenza dos restos apostólicos en Compostela; iso vai máis alá no século XIII, cando dende Roma se protexe un dos símbolos da peregrinación como é a cuncha, valorando tamén a súa dimensión como recurso económico da sé compostelá nun momento de dificultade financeira. Profúndase así na fixación do rito no seo da peregrinación xacobeá e, xa no século XIV, vélese polo correcto discurrir desta cun pontífice, Xoán XXII, que trata de asegurar este desenvolvemento no contexto do conflito compostelán entre Alonso Suárez de Deza e os seus partidarios e

⁷⁰ Unha asunción a todos os niveis; en 1434 o monarca castelán Xoán II fai xa referencia á existencia do Ano Santo, concedéndolles un salvoconduto aos peregrinos que ao longo deste ano acudisen a Santiago. ACS, S 9/20 e ACS, S 9/21.

⁷¹ ACS, S 16/68.

o arcebispo don Berenguel de Landoira. Un pontificado que, xa no século XVI, asume e confirma un documento como a bula *Regis Aeterni* que reformulara e fixara o feito da peregrinación xacobeá na baixa Idade Media⁷².

A consideración destas fontes permitiunos, igualmente, constatar a continuidade da peregrinación xacobeá, en maior ou menor grao, ao longo dos séculos XII a XV, cunhas fontes máis alá de toda dúbida en canto á veracidade da información que nos ofrecen.

A peregrinación a Santiago de Compostela nos séculos XII-XV, a pesar de non ocupar un lugar preeminente na política pontificia desenvolvida cara á sé galega, sae ben parada das comunicacións que conservamos e que analizamos. O feito peregrinatorio constituíu un factor fundamental para a conformación do poder que a sé compostelá desenvolveu ao longo do Medievo; algo que, mercé as diversas solicitudes compostelás, o papado tamén considerou e que, dentro das súas posibilidades, se encargou de protexer *ad maiorem gloriam Sancti Iacobi*.

Data de recepción: 8-II-2008

Data de aceptación: 18-XII-2008

72 Esta actitude mantense tamén noutros eidos, como o das fundacións reais, algo ao que, certamente, o pontificado non tiña por que se opor. Neste sentido, no ano 1499 o papa Alexandre VI autorízalles aos Reis Católicos á construción do Hospital Real en Compostela e á constitución da Confraría de Santiago para dar cabida a pobres e peregrinos. SALVADOR ESTEBAN, E., "Una alternativa a la peregrinación jacobea. Privilegios pontificios del Hospital Real de Santiago de Compostela", en D'ARIENZO, L. (ed.), *Gli Anni, op. cit.*, p. 233.